

PALESTINA NA ÉPOCA DE XESUS



PRINCIPAIS ESCENARIOS DESTA HISTORIA

1. Tiro e Sidón. Xesús comparou Corazoín e Betsaida con Tiro e Sidón (Mateo 11:20-22). Curación da filla da muller sirio-fenicia (Mateo 15: 21-28).
2. Monte Tabor. Xesús transfigúrase diante de Pedro, Santiago e Xoán (Mateo 17:1-13). O episodio sitúano outros no monte Hermón.
3. En Cesarea de Filipo Pedro dille a Xesús: `Señor, ti es o Mesías` (Mateo 16:21-28).
4. Galilea. Xesús pasou a maior parte da súa vida en Galilea (Mateo 4:23-25). Alí pronunciou o Sermón da Montaña (Mateo 5-7); sanou un leproso (Mateo 8:1-4), escolleu os Apóstolos (Marcos 3:13-19), e apareceu despois de resucitado (Mateo 28:16-20).
5. Mar de Galilea ou Xenesaret. Xesús predicou alí desde unha barca, cos ouvintes sentados na orella (Lucas 5:1-3), chamou a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán, pescadores no lago (Mateo 4:18-22), Lucas 5:1-11). Calmou a tempestade (Lucas 8:22-25), andou sobre as augas (Mateo 14:22-32) e apareceu aos discípulos despois da resurrección.
- 6.- Betsaida. Pedro, Andrés e Filipe naceron en Betsaida (Xoán 1:44). Xesús e os apóstolos retiráronse para estar sós preto de Betsaida. A multitude seguiuos e Xesús alimentou a 5.000. (Lucas 9:10-17; Xoán 6:1-14). En Betsaida Xesús devolveu a vista a un cego (Marcos 8:22-26).
7. Cafarnaún. Alí vivía Pedro (Mateo 8:5-14), Xesús curou un paralítico (Mateo 9:1-7; Marcos 2:1-12) e á sogra de Pedro (Mateo 8:5-15), sanou varios cegos, expulsou un diaño (Mateo 9:27-33) e curou o home da man seca sen respectar o sábado (Mateo 12:9-13). En Cafarnaún pronunciou Xesús o discurso sobre o pan da vida (Xoán 6:22-65).

8. Magdala. Lugar de residencia de María Magdalena (Marcos 16:9).
9. Caná. Escenario do primeiro milagre, ao comezo da vida pública. Xesús converteu a auga en viño (Xoán 2:1-11).
10. Nazaret. Probábel lugar do nacemento de Xesús. A anunciación a María sitúase aquí (Mateo 1:18-25), onde Xesús vive a súa infancia e mocidade (Mateo 2:19-23). Rexeitado polos seus veciños (Lucas 4:14-32).
11. Xericó. Xesús deulle a vista a un cego (Lucas 18: 35-43). E descansou na casa de Zaqueo, xefe dos publicanos (Lucas 19:1-10).
12. Betábara. Un dos lugares onde se sitúa o bautismo de Xesús no Xordán (Xoán 1:28-34).
13. Deserto de Xudea. Territorio do Bautista, onde predicou (Mateo 3: 1-4), e onde Xesús mantivo un xaxún de corenta días, resistindo as tentacións de Satanás (Mateo 4:1-11).
14. Emaús (significa “Primavera tépeda”). Lugar de veraneo das clases poderosas. Xesús resucitado uniuse a dous discípulos que se dirixían a esa localidade, situada a uns 11 quilómetros ao noroeste de Xerusalén.
15. Betfagé. Dous discípulos leváronlle un burriño para entrar triunfal en Xerusalén (Mateo 21: 1-11).
16. Betania. Residencia dos amigos de Xesús, Marta, María e Lázaro, ao que resucitou despois de morto (Xoán 11:1- 44).
17. Belén. Lugar oficial do nacemento de Xesús (Lucas 2:1-7), onde os anxos anuncian aos pastores a chegada do Salvador (Lucas 2:8-20), e unha estrela guía aos magos que acoden adoralo (Mateo 2:1-12).
18. Xerusalén. Escenario principal no que se oficia o drama da Paixón.

I

O SOPORTE TEÓRICO

1. HEBRAÍSTAS E HELENISTAS

1.1. PRUDENCIA

O prendemento, o xuízo e a crucifixión de Xesús non tivo especial relevancia, nin para a poboación de Xerusalén nin para os xudeus en xeral. De quitada a familia e a pequena comunidade que o veneraba e o seguía, o resto non tardou en esquecer un suceso que consideraron puntual, nun contexto violento no que as condenas eran algo cotián. Proba desa indiferenza é o silencio do historiador Flavio Xosefo, que relatou con detalle múltiples eventos, tratou a morte de Xoán o Bautista e doutros personaxes mais sobre Xesús de Nazaret apenas di nada.

Desaparecido o Mestre, o grupo dos doce foi perdendo protagonismo e importancia. Tan só Pedro, Santiago e Xoán ficaron en Xerusalén, Betania e arredores, mantendo vivo, aínda que esmorecente, o novo credo. Orfos, desafortunados, temerosos de correren a mesma sorte, os seguidores recolléronse a un discreto segundo plano. Toda precaución era pouca.

Arredor do ano 44, baixo o mandato de Herodes Agripa, Santiago Zebedeo é decapitado; Pedro marcha a Antioquía e despois a Roma. As cartas de Paulo ás primeiras comunidades falan de ´dous apóstolos` enviados a predicar, pero xa non fan referencia aos doce. Malia todo, como o remol dun lume que permanece á espera de ser reactivado, o pensamento do Mestre sobrevive, en parte favorecido pola fragmentación e as disidencias existentes entre as diversas seitas xudías, mormente entre saduceos e fariseos, enfrontados desde había século e medio. Case en todo coincidentes, cristiáns e fariseos acadaron unha convivencia aceptábel, nacida, quizais, da sospeita de que o novo credo era un erro conxuntural, algo pasaxeiro que se iría solucionando co paso do tempo.

Os saduceos, pola contra, vían con hostilidade as actividades dos apóstolos, e se as toleraban era a mercé da

intervención dalgúns personaxes respectados e influentes, como Gamaliel: con ocasión dun debate no que se valoraba a posibilidade de actuar contra a comunidade cristiá e reprimila, razoou: ‘Se as crenzas en Xesús son falsas, os cristiáns desaparecerán sen necesidade de que o Consello mova unha palla, pero se as crenzas obedecen a unha inspiración divina calquera medida que se tome contra eles será inútil’. Ante este argumento, os cristiáns puideron continuar coa súa liturxia.

1.1.1. Comunidade

Nos anos transcorridos entre a morte de Xesús (ano 30) e a caída de Xerusalén (ano 70) eslúese o perfil dos primeiros discípulos e seguidores, que non saben a onde encarrear os pasos. No entanto, unha pequena comunidade sobrevive entre a inclemencia e o temor e trata de expandirse, de gañar forza, incorporando novos membros. Pero..., a quen poderán acoller? A doutrina de Xesús estaba dirixida só aos xudeus ou aberta a calquera que se integrase de boa fe?

Ao final do Sermón da Montaña aparece un versículo illado, sen relación co parágrafo anterior nin co posterior: “Non deades cousas santas aos cans nin botedes perlas aos porcos, non sexa que as tripen coas patas e revolvéndose vos desfagan”¹. Cans e porcos eran animais impuros; aplicados estes termos a unha persoa, constituían un desprezo. A que porcos e cans se refire o versículo? Quizais indica que non se deben ensinar verdades relixiosas aos que se mofan delas ou están afastados destes temas. A quen ha de dirixirse, logo, a nova doutrina? Aos que xa cren nela? Xesús rexéitao: cando o acusan de relacionarse con pecadores, responde: ‘Non teñen os sans necesidade de médico, senón os enfermos’².

Noutra pasaxe, atopándose no norte de Galilea, unha muller cananea abórdao para que cure a súa filla enferma.

Xesús non a atende, ignóraa³e, como ela insiste, dille: “Non é bo coller o pan dos fillos e dárllelo aos cadelos”⁴. Aquí o evanxelista amosa ben ás claras que Xesús dirixe a súa mensaxe ao pobo xudeu, ficando os xentís fóra das súas preocupacións. Os “fillos” son os xudeus, os “cadelos” son os xentís e estranxeiros, aos que só como unha concesión graciosa se lles permite acceder ás fungallas do banquete. A muller acepta, supoñemos que con amargura, a analoxía, pero retruca no mesmo ton e símil: “Certo, Señor, mais tamén os cadelinhos comen as faragullas que caen da mesa dos señores”⁵, e Xesús, recoñecendo a prudente observación, cura a filla da infiel.

“O suposto universalismo da mensaxe de Cristo tería esixido outro argumento”, di Puente Ojea: “Vin para redimir a todos, sen distinción de orixe nin de raza”, pero a resposta á cananea é unha declaración contundente que invalida, pola súa altísima probabilidade de autenticidade, a visión paulina do proselitismo universal”.

Esa actitude excluínate aparece ratificada en varias pasaxes: “Enviounos Xesús facéndolles as seguintes recomendacións: “Non vaiades aos xentís nin entredes nas cidades de samaritanos⁶, íde máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel”⁷. Con eses precedentes, a situación dos discípulos á hora de difundir a palabra do Mestre non era doada: por un lado, a maioría dos xudeus rexeitaba de parte a parte o mesianismo de Xesús; por outro, había unha cantidade importante de xentís que pedía conversión, e dado que o cristianismo era un movemento incipiente e feble naquel intre, non podía pecharlles a porta.

Iso explica que o anuncio do Reino, nun principio destinado unicamente aos xudeus, se ampliase aos xentís sempre que se achegasen con humildade e submisión. Talante integrador que Xesús amosa co centurión⁸, confiado na simple palabra salvadora do Mestre, sen necesidade sequeira de que entre na súa casa: “En ninguén de Israel atopei

tanta fe⁹. Dígovos, pois, que do Oriente e do Occidente virán e sentarán á mesa de Abraham, Isaac e Xacobe no Reino dos Ceos¹⁰, mentres que os xudeus serán arroxados ás tebras”¹¹.

A interpretación da mensaxe de Xesús pasa, por tanto, dun pensamento localista, centrado no pobo hebreo, a acoller, baixo determinadas condicións, aos etnai, aos alleos que desexen abrazala.

1.1.2. Faccións

Non resulta sinxelo imaxinar aqueles primeiros e atoutinantes pasos, condicionados como estamos polo resultado final que hoxe coñecemos. O cristianismo era, naquela altura, un movemento sen configurar nin definir, que ía medrando paseniño e con dificultades. Receos, controversias e conflitos internos desembocaron en dúas faccións: hebraístas e helenistas. Os primeiros, xudeus arameo falantes, practicaban os ritos relixiosos tradicionais; os helenistas, xudeus foráneos, grego falantes, non os respectaban. Nin sequera a lingua hebrea, sagrada para a oración e o culto. Para os hebraístas, os helenistas eran uns intrusos, uns corruptos. Pola súa parte, os helenistas, con maior bagaxe e coñecemento do mundo exterior, consideraban aos hebraizantes anticuados e atrasados, incapaces de responder aos desafíos que a nova situación esixía.

E non faltaban outros problemas, de índole práctica: Por aqueles días, tendo medrado o número de adeptos, xurdiu unha murmuración dos helenistas contra os hebraístas: que as súas viúvas eran peor atendidas no servizo”¹². Para entendernos, o que os helenistas denunciaban era que non recibían a parte correspondente dos ingresos comunitarios; e xa que os apóstolos pertencían ao colectivo hebraísta, as queixas poderían ser fundadas. De feito, os primeiros aceptaron unha representación helenista, composta por sete membros, encargados do control das contas¹³.

Entregado a tarefas misionerías, Estevo erixiuse en líder indiscutíbel da facción helenista, o que provocou ronchas e querelas con libertos, cireneos e alexandrinos. Imputado por blasfemo ante o Consello, en vez de pregarse e defenderse, desafiou aos acusadores: “Vós, coma sempre, resistíndovos ao Espírito Santo; igual que os vosos pais!...”.

Estevo foi lapidado arredor do ano 31, un ano despois da crucifixión de Xesús. Primeiro mártir cristián, morreu afirmando que Xesús era o Mesías anunciado polo *Antigo Testamento*: os helenistas xa tiñan un heroe! Á morte de Estevo seguiu unha represión enérxica en contra dos cristiáns de Xerusalén, véndose forzados a exiliarse, entre eles Filipe, que se refuxiou en Samaria.

2.1. ORIXE XUDÍA

“Para artellar unha resposta despois da execución do Mestre, os seguidores tomaron conceptos e símbolos relixiosos do mundo xudeu”¹⁴, di E. Shillebeeckx.

Velaí que nesa primeira etapa, os discípulos de Xesús non sabían por onde ir, que camiño tomar, incapaces de atender as demandas dos fieis e de responder aos interrogantes que se xeraban. A nova doutrina aparecía vagarosa, sen unha elaboración formal e sen uns alicerces sólidos.

Dúbidas e dificultades que se acentuaban ao careceren dunha verdadeira formulación teórica, dun substrato claro e firme. Durante os primeiros séculos, os cristiáns movéronse nunha indefinición de ideas, crenzas e sentimentos, o que propiciou que grupos dispersos desenvolvesen formas moi distintas de entender a mensaxe do Mestre: cada un deses grupos, desas escolas, interpretou e practicou o seu particular cristianismo.

Negaban uns, como os ebionitas¹⁵ e os nazarenos, que Xesús fose Deus. Negaban outros a Paulo de Tarso, ao que tachaban de falso profeta e traidor á verdadeira mensaxe do Mestre. A carón de comunidades rexidas por bispos e

sacerdotes, había outras gobernadas por profetas, como os montanistas e os gnósticos. Había cristiáns que desprezaban, por falsas, as Escrituras e os libros sagrados; cristiáns que descrián por enteiro da encarnación de Xesús; outros que negaban a resurrección; ascetas que propugnaban un abandono límite, renunciando ao sexo, ao matrimonio e a calquera goce sensual; e, pola contra, outros, como os fibionitas, que propoñían unha vida alegre e libertina.

Nesas circunstancias, acatando o xudaísmo de base, un grupo cada vez máis influente comeza a dicir: ´O fracaso de Xesús, ao ser axustizado, foi só aparente. En realidade, resucitou, confirmándose a súa condición de Mesías, acollido por Deus á súa destra, desde onde regresará para rematar a tarefa encomendada`.

Con todo, as discrepancias subsistiron. Ao longo do tempo, sucesivamente, maniqueos, elcasaítas, arrianos, nestorianos, priscilianistas, pelaxianos, bogomilos, cátaros... (uns máis organizados, outros menos) continuaron mantendo fortes disputas doutriniais, todos convencidos de estar na verdade. Derivada destas pugnas, foi abrollando unha doutrina que se impuxo sobre as demais: a Igrexa Católica.

A busca constante de claves interpretativas nas Escrituras, e o volver unha e outra vez sobre a vida e o exemplo do Mestre, levou a unha progresiva divinización da súa figura, rexeitada polos xudeus e admitida sen problema polos xentís. O cristianismo foise conformando, xa que logo, como un fenómeno esexético; o froito, o resultado de interpretar unha e outra vez, de pensar e repensar, de reinventar a Xesús, convertido, finalmente, en Cristo, en Deus.

O colectivo vencedor exercería un control rigoroso sobre a masa social, designando mandos e cargos eclesiásticos (´sucesores dos Apóstolos`) e controlando os aspectos ideolóxicos. Auténticos depositarios da doutrina, calquera que non pensase como eles era *massa damnata*, refugallo condenábel.